

Decreto de bacharelato

Nos primeiros días de abril a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deu a coñecer ás OOSS un proxecto de Decreto de Bacharelato no que se introducían varias novidades, entre as que podemos destacar as seguintes: a **aparición dunha nova materia chamada Ciencias para o Mundo Contemporáneo** que vén marcada polo RD estatal, a distribución das 2 horas de relixión entre os dous cursos de bacharelato, o que provoca a redución da carga horaria de Educación Física, Filosofía e Historia; a Música só se ofertará nun dos cursos e desaparece Historia da Música como optativa, por outra parte a Consellería contempla nesta Orde a **posibilidade de que haxa IES nos que só se oferte unha modalidade de Bacharelato** e escúdase nunha transitoria para limitar o desenvolvemento do bacharelato tecnolóxico.

O STEG, fronte a esta proposta, que claramente

supón un deterioro da calidade educativa, **demandou** o seguinte na mesa sectorial do día 3 de abril:

- **A necesidade de ofertar o ensino da Relixión fóra do horario lectivo** e así compensar a perda de carga horaria doutras materias.
- Como segunda opción, ao non aceptar a administración a primeira, a **modificación da proposta horaria que facía a consellería** do seguinte xeito:
 1. que se concentrasen as dúas horas de relixión en 2º de BAC, tendo como alternativa técnicas de estudo ou apoio docente para preparar a selectividade
 2. que, como norma xeral, toda materia común tivese a mesma carga horaria;
 3. que as optativas pasasen a tres horas, equiparando a carga horaria de optativas e comúns;

4. que se incrementase unha hora tanto de Educación Física como de Filosofía e Cidadanía;
 5. que Música se oferte como optativa nos dous cursos e que Historia da Música se oferte como optativa en todas as modalidades;
- A mellora da oferta educativa, concretada en tres aspectos: a garantía de que todos os centros ofrezan como mínimo dúas modalidades de bacharelato; a oferta da modalidade de artes nas sete grandes cidades galegas e nas comarcas nas que sexa preciso, co fin de evitar longos desprazamentos ao alumnado; a supresión da Disposición transitoria terceira, pola que se limitaba a oferta de Electrotecnia e Tecnoloxía Industrial aos centros nos que houberse recursos materiais, á marxe das necesidades do alumnado.
 - Solicitamos que ademais da ordenación do Bacharelato, debería pasar por mesa o currículo para poder facer unha valoración máis completa do Anteproxecto de Decreto.

Fronte a actitude pechada da consellería, **o STEG**, xunto con outras organizacións do ámbito do ensino, **convocou ao profesorado a diferentes mobilizacións**: concentracións os días 23 e 28 de abril e folga o 29 de abril, secundada polo 90% do profesorado afectado.

A resposta da Administración ante o éxito das mobilizacións foi a restitución do horario de Educación Física, reducindo a dúas horas o de Ciencias para o Mundo Contemporáneo; porén, o STEG segue a denunciar esta medida por considerala insuficiente (Filosofía, Música, Tecnoloxía e Historia, seguen sen ter solución) e por ser contraria ao noso criterio de non ofertar materias con menos de tres horas. Así mesmo, para o STEG resulta preocupante a forma en que se deu a coñecer esa decisión: a través dos medios de comunicación, cando son as OOSS as que deberíamos ter sido chamadas a unha mesa de negociación para estudar as reformas e poder introducir outras.

O STEG seguirá opoñéndose a que no Bacharelato, ou en calquera outro tramo educativo, a relixión forme parte do currículo. Desde o STEG pensamos que mentres non se dea esa posibilidade, a relixión debería ofertarse só en 2º de bacharelato xa que máis do 83% do alumnado, segundo a nosa enquisa, elixiría o estudo antes que a relixión. Viría a ser como unha aproximación ao laicismo pola vía dos feitos, que permite a actual lexislación, ao mesmo tempo que conseguiríamos unha maior calidade para o noso bacharelato.

(Na contraportada desta boletín, pódese ver a proposta presentada polo STEG) →



Xornada única

O transporte escolar seguirá a condicionar a xornada educativa do alumnado galego. pax. 3

Calendario escolar 2008/2009

O STEG demandou a xornada reducida de xuño e setembro para diminuír a carga lectiva para o alumnado de Infantil e Primaria. pax. 3

Permisos e licenzas

O STEG consegue que a Consellería poña fin á discriminación das interinas e substitutas con permisos de maternidade. pax. 2

O Foro Social Galego

páx. 4

PERMISOS E LICENZAS

Orde do 7 de abril de 2008, que regula permisos e licenzas, DOG 23-05-08, adaptándoos ao contido da Lei da Función Pública de Galiza, en vigor dende o 16-09-07.

NOVIDADES NOS PERMISOS:

- Art.3º.- Permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar:	Os sábados contan como días hábiles. Excepcionalmente, por circunstancias de organización familiar, poderanse solicitar os días de forma interrompida dentro do prazo dos quince días naturais inmediatamente seguintes ao acontecemento.
- Art.4º.- Por traslado de domicilio.	Un día na mesma localidade, dous en localidade distinta. Se a unidade familiar ten dúas ou máis persoas o permiso será de dous días na mesma localidade e 4 en distinta.
-Art.6º.- Por concorrer a exame finais e demais probas definitivas de aptitude:	No termo exames finais están incluídos tamén os parciais que sexan liberatorios dunha parte do programa.
-Art.7º.- Permiso dunha hora de ausencia ao traballo por ter un fillo ou filla menor de doce meses:	Ampliase a doce meses. Pódese acumular en catro semanas, inmediatamente despois de rematar a licenza por parto, ou nun momento posterior, antes de que a filla/o cumpra os doce meses.
- Art.8º.- Por nacemento de fillas ou fillos que deban permanecer hospitalizados.	Dúas horas diarias sen desconto salarial.
- Art.9º.- Permiso para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.	As funcionarias embarazadas poderán ausentarse do traballo para exames prenatais e preparación ao parto polo tempo necesario, xustificando a necesidade de realización dentro da xornada de traballo. O persoal funcionario docente terá o mesmo dereito e nas mesmas condicións, para acompañar ao seu cónxuxe ou parella.
- Art.10.- Permiso para tratamentos de fecundación asistida.	Permiso retribuído para tratamentos de fecundación asistida polo tempo necesario, con aviso previo e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo, sempre que se faga en centros do Sistema Nacional de Saúde. Se o tratamento fora noutra provincia, o permiso será de dous días. O persoal funcionario docente terá o mesmo dereito e nas mesmas condicións, para acompañar ao seu cónxuxe ou parella.
- Art. 11º.- Permisos por accidentes ou enfermidades moi graves.	Coidado de familiares en 1º grado ou conviventes. Permiso retribuído cun prazo máximo de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso utilizado separada ou acumuladamente.
- Art. 12º.- Permiso para as revisións médicas.	Do persoal funcionario, fillas e fillos, cónxuxe ou parella e persoas maiores ao seu cargo, polo tempo necesario, previo aviso e xustificación da necesidade de realización dentro da xornada de traballo. Quedarán xustificadas nesta epígrafe as ausencias por enfermidade leves non superiores a tres días cando se achegue a pertinente xustificación documental.
- Art. 14º.- Permiso para asuntos persoais.	Até catro días por curso para asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre as necesidades do servizo, dos cales dous poderán ser en días lectivos.(A isto hai que engadir 24 h de imprevistos que non necesitan xustificación).
- Art. 15º.- Permiso por parto.	Igual que na Orde anterior, pero ampliarase en dúas semanas máis por discapacidade da filla/o.
-Art. 16.- Permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo coma permanente ou simple.	Permiso de até 4 meses de duración, ampliándose en dúas semanas máis por motivos de discapacidade do menor e por cada fillo, nos supostos de adopción ou acollemento múltiple. Poderase disfrutar a tempo completo ou parcial. De ser necesario o desprazamento previo acumularase ao tempo anterior, un permiso de 3 meses nos que se percibirán só as retribucións básicas e poderase gozar fraccionadamente.
- Art. 17º.- Permiso por paternidade.	Ampliase ata 29 días naturais. No caso de parto ou adopción múltiple serán 35 días. A nai poderá gozar deste permiso a continuación dos permisos por parto ou por adopción no caso de que o pai non o disfrute. No suposto de matrimonio entre mulleres, a que non sexa a nai biolóxica poderá exercer este dereito. Nos casos de permiso por parto, adopción ou acollemento e paternidade, o persoal funcionario interino ou substituto docente terá dereito a ser chamado para as interinidades e substitucións que lles correspondan, tomando posesión coa finalidade de que os servizos que lles correspondería prestar, lle sexan recoñecidos para os efectos administrativos e os económicos cando non tiveran dereito ás prestacións correspondentes.
- Art. 18º.- Permiso por razón de violencia de xénero sobre o persoal funcionario.	As súas faltas de asistencia consideraranse xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais que correspondan

NOVIDADES NAS REDUCIÓNS DE XORNADA

Art. 24º.- Redución de xornada por garda legal.	Por razóns de garda legal, coidado a menores de 12 anos ou maiores que requiran especial dedicación ou persoa con discapacidade sen actividade retribuída. Terase dereito á redución de 1/3 ou 1/2 da xornada de traballo, coa diminución proporcional das súas retribucións. A redución abrangerá, na proporción que se conceda, o horario lectivo, complementario fixo e horario semanal de permanencia no centro. A concesión poderá eximir da obrigatoriedade de impartir docencia durante todos os días da semana.
Art. 25º.- Redución de xornada por coidado dun familiar.	Dereito a solicitar redución de xornada até o 50%, retribuída, máximo un mes, por razóns de enfermidade moi grave.
Art. 26º.- Redución de xornada por violencia de xénero.	Dereito á redución da xornada coa diminución proporcional da retribución, ou á reordenación do tempo de traballo, cando sexa posible pola organización do centro e do horario do alumnado.

O STEG consegue que a Consellería poña fin á discriminación das interinas e substitutas con permisos de maternidade

Durante anos, ás interinas e substitutas que estaban a gozar do seu permiso de maternidade no momento en que eran chamadas para cubrir unha vacante ou unha substitución, non podían tomar posesión da praza que lles correspondía e continuar co seu permiso de maternidade. Isto supuña importantes perdas económicas, perda de vacantes ou substitucións que lles correspondían, perda de antigüidade laboral, perda de cotizacións á seguridade social, perda do dereito a cobrar os 100 euros por seren nais traballadoras...

Desde a **Secretaría da Muller do STEG** denunciámos esta situación ante a Consellería, o Servizo Galego de Igualdade e nos medios de comunicación. No borrador da Orde de permisos e

licenzas do 7 de Abril do 2008 a Consellería poñía fin a esta práctica garantindo os dereitos administrativos a interinas e substitutas, pero non así os económicos nin os relativos á vida laboral e cotizacións á seguridade social. O **STEG**, na Mesa Sectorial de Educación defendeu que os dereitos tiñan que ser plenos e presentou probas de que noutras comunidades xa se estaba a facer, ante a desculpa da Consellería de que era legalmente inviablel.

Finalmente, e grazas a esta intervención do **STEG**, corrixiuse esta situación na publicación en DOG da citada Orde, sendo recoñecido tamén para aqueles interinos e substitutos que gocen dun permiso de paternidade.

XORNADA ÚNICA

O transporte escolar seguirá a condicionar a xornada educativa do alumnado galego.

Na mesa sectorial do 15 de maio a Consellería negouse a retirar a aceptación previa do servizo de transporte como condicionante para poder realizar a consulta ás familias sobre o cambio de xornada. Polo tanto, **aínda que a comunidade educativa no seu conxunto estivese de acordo en mudar a xornada escolar, vería impedida esta decisión polo condicionante do transporte.** Esta proposta mantén a primacía de criterios empresariais fronte aos pedagóxicos ou de conciliación da vida laboral e familiar.

O STEG defendeu e, seguirá a defender, que sexa a comunidade educativa a que decida a xornada que quere para as súas fillas e fillos. Por este motivo, segue a rexeitar que un condicionante como o do transporte poida botar abaixo unha decisión democrática e menos impoñer unha xornada contraria aos intereses de nais, pais e profesorado.

Por outra parte, a Consellería pretende manter que para poder mudar de xornada educativa sexa preciso o voto afirmativo de 3/5 do censo. Isto fai que moitas veces decidan a xornada as nais e pais que non participan no proceso. É dicir, esta votación é un caso insólito nos procesos democráticos, dado que as abstencións contarían automaticamente como votos en contra. Por este motivo **a proposta do STEG era que con 2/3 de votos afirmativos entre os votos emitidos, garantindo unha participación do 50% se puidese modificar esa xornada.**

A Consellería negouse a modificar estes aspectos, polo que non chegou a un acordo cos sindicatos a respecto desta Orde sobre a Xornada única en sesión de mañá.

O STEG demandou a xornada reducida de xuño e setembro para diminuír a carga lectiva para o alumnado de Infantil e Primaria

A finais do curso pasado a Consellería de Educación fixo unha proposta de Calendario Escolar para a Educación Infantil e Primaria, na que se mantiña o mesmo horario desde o inicio até o final do curso facendo desaparecer a tradicional xornada reducida matinal dos meses de xuño e setembro. Despois do conflito desatado por esta causa, o 30 de abril de 2007 **o STEG, xunto con outras OOS, asinou un acordo para o curso 2007-2008**, que recuperaba a posibilidade da xornada continuada de xuño e setembro, non así a reducida, e melloraba de forma substancial as condicións de traballo do profesorado galego.

Froito dese acordo, ademais de conseguir importantes melloras laborais para o profesorado, houbo un aumento importante nos catálogos dos centros que permitirán as traballadoras e traballadores do ensino realizar a súa función docente cunha maior eficacia e polo tanto redundará nun mellor sistema público educativo galego.

No entanto, e despois da experiencia deste curso, **o STEG segue a reivindicar unha redución na carga lectiva para o alumnado de Infantil e Primaria, volvendo á xornada de catro horas matinal en setembro e xuño** para o curso 2008-2009. É preciso lembrar que o alumnado galego vai ser o único de todo o estado que non teña xornada reducida durante estes dous meses. Coa proposta da consellería,



seguimos a ser a comunidade con maior carga lectiva con máis de 30 horas a respecto da media estatal nivel europeo ocupamos o 4º posto, moito por riba países como Finlandia, país que sempre destaca n resultados do Informe Pisa. Dato que nos leva conclusión de que **a maior carga lectiva do alumnado non implica necesariamente maior calidade de sistema.**

A Consellería rexeitou de plano a nosa proposición.

A Consellería, despois da intervención de todas as Organizacións Sindicais admitiu:

- posibilidade de que nos meses de xuño e setembro a xornada poida ser en sesión de mañá, pero nunca reducida.
- reducir en dous días lectivos a súa proposta inicial, pasando de 179 a 177 (175 tendo en conta os dous que poden solicitar os centros cando as festividades locais caian en festivo)
- retirar da orde as conmemoracións do santoral que se propoñen para ser celebradas polos centros.

Pola contra non admitiu

- que nos ciclos formativos non se marque a data de remate pois teñen cargas horarias distintas. *Indicóusenos que eran ordes da Dirección Xeral de FP.*
- que as vacacións de semana santa comecen o xoves e collan toda a semana seguinte. *A directora xeral argumentou, que aínda estando de acordo, segundo as súas "pesquisas" a sociedade galega non estaba preparada para este cambio.*

Oposicións 2008

A convocatoria de oposicións do ano 2007, a primeira despois da aprobación da disposición transitoria décimo sétima da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, suscitou, fronte as promesas de redución da eventualidade no traballo do persoal docente, numerosos problemas e protestas que corren o risco de persistir coa convocatoria actual.

Logo dos problemas suscitados no primeiro ano de transitoria e de cara a esta convocatoria, poucas foron as novidades presentadas en atención ás nosas reivindicacións.

É xusto destacar a mellora do sistema de inscrición a través do servizo web da consellería.

Vemos con bos ollos a esixencia do emprego do galego para a elaboración e a defensa da programación,

máis antóllasenos insuficiente. A lei da función pública di que nos procesos selectivos, "unha das probas terá que ser obrigatoriamente en galego"; atendendo a isto e tendo en conta que a mesma convocatoria di que se trata "dunha soa proba", no STEG entendemos que todo o proceso debería realizarse integramente en galego.

O que máis nos preocupa e que, despois do acontecido o ano pasado, non fose tida en conta a nosa proposta de crear unha comisión coordinadora (formada polas presidencias de cada comisión e responsables da administración) que se encargara de coordinar todo o proceso, unificar os criterios dos tribunais, solventar as dúbidas que puideran xurdir, etc.

Agardemos que a Consellería teña razón e non teñamos que botar de menos esta comisión

Desde o STEG continuamos a defender un modelo de acceso diferenciado que respecte a antigüidade no

servizo docente do profesorado interino evitando perda de postos de traballo, ao tempo que garante posibilidade de acceso aos corpos docentes de todas aquelas persoas que opositan "desde fóra".

Sendo así, a Administración educativa galega sométese un ano máis aos imperativos dun sistema de oposicións que, ao noso ver, non beneficia a ningunha e sementa numerosas dúbidas entre as e os participantes.

Por un lado está a situación do profesorado interino a esperas dun pacto de estabilidade que evite a perda de postos de traballo en especialidades como, por exemplo, Procesos Comerciais, con traballadoras con máis de 10 anos de servizo actualmente en situación de desemprego e agardando substitución.

Por outro lado están tamén tantas opositoras e opositores libres que un ano máis baterán a cabeza cun sistema que lles pon as cousas moi difíciles.

Perigo nas EOIs: a privatización ás portas

O R.D. 1629/2006 é a normativa de referencia para regular o funcionamento e acreditación de competencias das ensinanzas impartidas nas EOIs.

Coa normativa anterior, para obter o nivel de usuario competente nunha lingua era preciso cursar 5 anos nunha EOI distribuídos en dous ciclos: o básico de 3 anos e o superior de 2 anos. Con estes cursos conseguíase o nivel máis alto recoñecido no que a competencias de linguas se refire.

Agora, para superar unha titulación completa nunha EOI, cúrsanse 6 anos distribuídos en ciclos de dous anos, pero a situación é paradóxica: estúdase un ano máis e obtense un nivel de certificación inferior (!). Un dos aspectos máis preocupantes é o carácter retroactivo, dado que as persoas que a día de hoxe posúen a máxima certificación, co novo sistema deixarán de sê-lo, pois non está prevista a homologación.

Na actualidade os niveis educativos de competencia lingüística son os do MECR (Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa) e teñen a seguinte denominación: A1, A2, B1, B2, C1, C2. Para adquirir os niveis tipo C, o RD di que "poderán" ser impartidos nas EOIs. Así pois, ao non ser unha obriga, quedará á elección das escolas en función das súas posibilidades. Con esta medida ábrese as portas a que as probas que posibilitan as certificacións unicamente poidan ser preparadas naqueles centros que o soliciten e lles sexa concedido. Como nos centros públicos moitas veces non se cumpriran as condicións esixidas, a conclusión é clara: privatización.

E en todo caso as EOIs, aínda podendo impartir estes contidos do nivel C a través de cursos monográficos, non se deixa claro que teñan a capacidade de expedir

a certificación correspondente. Esta só quedaría cargo das institucións de carácter privado (Alian Francesa, Instituto Camoes, etc). E tendo en conta ademais, o elevado custo que terán estes monográficos podemos concluir que estaríamos ante un servizo practicamente inexistente no ámbito público.

Desde o STEG pensamos que a oferta educativa pública para a capacitación en linguas ten que ser garantida. O que nun principio tiña a finalidade de mellorar o funcionamento das EOIs e posibilitar que as titulacións obtidas nas mesmas tiveran validez en todo o territorio europeo, adaptando estas ensinanzas ao MCER, vai camiño de desacreditar todo un traballo e prestixio gañados ao longo de moitos anos, pon en perigo o nivel de matriculación do alumnado abrindo a porta á privatización destas ensinanzas.

O Foro Social Galego

Ao longo dos anos noventa, a medida que se ían facendo máis visibles as consecuencias negativas de globalización neoliberal, xurdiu un movemento de oposición ao neoliberalismo que agromou por primeira vez –cando menos de xeito masivo–, na manifestación de rexeitamento ao cumio que a Organización Mundial do Comercio celebraba en Seattle (EEUU) en 1999. No ano 2001, tralo éxito da mobilización de Seattle, organizouse un Foro Social Mundial na cidade brasileira de Porto Alegre: nacía así un espazo para o debate, para a reflexión e para o encontro, que había de ter carácter anual.

Na mañá do pasado sábado 26 de xaneiro de 2008, coincidindo co Día de Mobilización e Acción Global que o Consello Internacional do Foro Social Mundial acordou realizar este ano, consistente nun día de mobilización e acción mundial desagregada -en oposición ás tradicionais congregacións que se viñan facendo en Porto Alegre, Mumbai, Nairobi...-, as organizacións galegas que participamos dende o ano 2001 nalgún dos diferentes foros adscrito ao Foro Social Mundial (Seminario Galego de Educación para a Paz, Fundación Galiza Sempre, Marcha Mundial das Mulleres, Sindicato Labrego Galego, CIG, CCOO, UXT, STEG, Coordinadora Galega de ONGDs, Adegas, Verdegala, Amarante, Foro Galego da Inmigración e Altermundo), convocamos á sociedade galega á Asemblea de Movements Sociais Galegos baixo o lema *Cara ao Foro Social Galego*, que tivo lugar na facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela.

Na Asemblea, á que acudiron máis de 200 persoas, tanto a título individual como en representación de máis de 70 organizacións sociais galegas, tomaron a

palabra arredor de 40 persoas –entre as que estaban Mercedes Alonso (STEG), Xosé Manuel Beiras (FGS), Lidia Senra (SLG), Xabier Ron (OSPAAL), Lupe Ces (MMM), Manoel Santos (Altermundo), Eva Gil (Amarante), Consuelo Martínez (CIG) ou Camilo Nogueira a título persoal-, que expresaron a necesidade de crear un Foro Social Galego.

Naquela Asemblea, pois, constituíuse o que había de ser o Consello do Foro Social Galego, integrado por todas as organizacións e persoas asistentes que mostraron esa vontade de participación. O primeiro Pleno do Consello celebrouse en Santiago de Compostela o pasado 29 de marzo; naquel Pleno acordouse organizar tres comisións de traballo: Comisión de Loxística e Finanzas, Comisión de Comunicación, Extensión e Prensa e Comisión de Contidos e Programas, co obxectivo declarado de desenvolver as tarefas precisas para celebrar nos primeiros días do mes de decembro o I Foro Social Galego.

Agora mesmo estase a traballar para organizar o I Foro Social Galego, que xirará, probablemente, arredor de catro grandes eixes temáticos dende os que **“pensar/construír alternativas galegas á globalización”**:

- Os límites do crecemento económico
- Soberanía e diversidade
- Vivir e traballar
- Defensa das liberdades e dos dereitos sociais

Tamén, de seguro, haberá actividades lúdicas e mobilizacións para acompañar as actividades de debate e reflexión.



O STEG e o altermundismo

Nun momento como o actual o STEG non podía permanecer alleo a un proceso nacido para pensar e construír alternativas ao neoliberalismo. Neste sentido, pensamos que cada unha das persoas que no mundo están precarizadas, excluídas ou discriminadas ou son condenadas a morte para manter o nivel de consumo (cinicamente chamado ‘nivel de vida’), das sociedades opulentas do Norte rico, é razón suficiente para participar no FSGal.

En primeiro lugar, porque consideramos que o FSGal é un lugar de confluencia; un espazo aberto, dinámico e plural no que confluír as diferentes sensibilidades emerxentes ante a situación que nos tocou vivir, e, en segundo lugar, porque esperamos que o FSGal sirva para que os distintos movementos sociais galegos nos organicemos colectivamente fronte a situacións concretas.

Razóns que levaron ao STEG a participar no proceso do FSM a través da Confederación de STEs e no Foro Ibérico de Educación, celebrado en Córdoba no ano 2004.

Decreto de bacharelato Propostas do STEG

	Proposta consellaría	Proposta STEG (1)	Proposta STEG (2)
1º CURSO			
Ciencias para o mundo contemporáneo	3*	3	3
Educación física	1*	2	2
Filosofía e cidadanía	2	3	3
Lingua castelá	3	3	3
Lingua galega	3	3	3
Lingua estranxeira	3	3	3
Relixión	1	0	0
De modalidade	3x4	3x4	3x4
Optativa	4	3	3
TOTAL	32	32	32
2º CURSO			
Historia de España	3	3	3
Historia da filosofía	3	3	3
Lingua castelá	3	3	3
Lingua galega	3	3	3
Lingua estranxeira	3	3	3
Relixión	1	0	2
De modalidade	3x4	3x4	3x4
Optativa	4	3	3
Titoría (técnicas de estudo+preparación para a selectividade)		2	
TOTAL	32	32	32

* 1ª proposta da Consellaría. Posteriormente anunciou que Ciencias para o mundo contemporáneo quedaba con dúas horas e EF pasaba a ter dúas horas.

1º proposta:

- Ofertar relixión fora do horario obrigatorio do alumnado, (tal e como se propón no anteproxecto presentado pola “Consejería” de Asturias)
En 2º, dedicar dúas horas semanais á titoría (serviría para mellorar as técnicas de estudo e tamén como preparación para a selectividade). De non ser viable isto, podería incrementarse o horario de Historia de España e de outra materia común ou mesmo da optativa.

2º proposta

No caso de que xuridicamente sexa inviable a 1º proposta:

- Concentrar as dúas horas de Relixión en 2º, tendo como alternativa técnicas de estudo ou estudo con apoio docente para preparar a selectividade.

